

## ANUNCIO

**ACTA Nº 3 DO TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO PARA A CREAÇÃO DUNHA BOLSA DE TRABALLO DE ARQUITECTOS TÉCNICOS DO CONCELLO DE AMES. PROPOSTA DE CREAÇÃO DUNHA BOLSA DE TRABALLO DE ARQUITECTOS TÉCNICOS DO CONCELLO DE AMES.**

**Expediente 3684/2022**

De acordo coa acta levantada pola secretaria do Tribunal encargado de xulgar as probas do proceso selectivo para a creación dunha bolsa de traballo de arquitectos técnicos do Concello de Ames (BOP 85 do 05.05.2022) e reunido o Tribunal o día 07.07.2022 para o estudo e resolución, no seu caso, das alegacións presentadas ao exercicio tipo test e proposta de creación de bolsa de traballo, no caso de non existir alegacións, faise público o contido da mesma:

Están presentes os seguintes membros:

**Presidente:**

Rosa Ana Prada Queipo, Secretaria do Concello de Ames.

**Secretario/a:**

María Pardo Quintana, Adxunta á Intervención do Concello de Ames.

**Vocais:**

Alfredo Garrote Pazos, Arquitecto Municipal do Concello de Carballo.

M<sup>a</sup> Elena Parajó Calvo, Arquitecta da Xunta de Galicia.

Unha vez comprobado pola secretaria a existencia de quórum suficiente, declárase aberta a sesión.

**Alegacións**

O día 27 de xuño de 2022 tivo lugar a celebración do exame tipo test para a constitución dunha bolsa de Arquitecto Técnico, do que se levantou e publicou a acta correspondente concedendo ás persoas aspirantes un prazo de 5 días hábiles para a presentación de alegacións.

Sendo as 11:00 horas do día 07 de xullo de 2022, e tendo transcorrido o prazo sinalado, non consta que se teñan presentado alegacións polos aspirantes do proceso selectivo.

## Proposta de bolsa de traballo

O Tribunal, á vista de que non se presentaron alegacións nin á baremación de méritos nin ao exame tipo test, procede á elaboración da lista de aspirantes que superaron o proceso selectivo ordenando os mesmos de maior a menor puntuación total.

Tendo en conta que existe un empate na puntuación total entre as persoas aspirantes que ocupan o terceiro e cuarto posto e as que ocupan o quinto e sexto posto, o Tribunal procedeu a dirimir os empates aplicando o establecido na base décima: *“No caso de empate na puntuación total terase en conta, prioritariamente, a puntuación obtida na fase de oposición”*. Dado que coa aplicación deste criterio non persisten os empates producidos non foi preciso aplicar os criterios seguintes recollidos nas bases.

En atención ao anterior, o resultado do proceso selectivo é o seguinte:

N.º de orde	Aspirante	Puntuación concurso	Puntuación oposición	Puntuación Total
1	Mejuto Pérez, Juan	6	7,4	13,4
2	Hermida Varela, Diego	6	6,6	12,6
3	Abelleira Lence, Susana María	2,4	7,8	10,2
4	Fernández Blancafort, María	4,6	5,6	10,2
5	Noya Méndez, Francisco Javier	3,4	6,2	9,6
6	García Rodríguez, Clara María	3,8	5,8	9,6
7	Castiñeiras Lesende, Ana	0,4	7	7,4
8	Castro Vázquez, Raquel	0	5,4	5,4

De conformidade con todo o anterior e por unanimidade o Tribunal **ACORDOU**:

**PRIMEIRO.-** Declarar finalizado o proceso selectivo para creación dunha bolsa de traballo de arquitectos técnicos do Concello de Ames.

**SEGUNDO.-** Propoñer á Alcaldía a constitución da bolsa de traballo de arquitectos técnicos para o Concello de Ames, de acordo coa seguinte orde:

N.º de orde	Aspirante	Puntuación concurso	Puntuación oposición	Puntuación Total
1	Mejuto Pérez, Juan	6	7,4	13,4
2	Hermida Varela, Diego	6	6,6	12,6
3	Abelleira Lence, Susana María	2,4	7,8	10,2
4	Fernández Blancafort, María	4,6	5,6	10,2
5	Noya Méndez, Francisco Javier	3,4	6,2	9,6
6	García Rodríguez, Clara María	3,8	5,8	9,6
7	Castiñeiras Lesende, Ana	0,4	7	7,4
8	Castro Vázquez, Raquel	0	5,4	5,4



**TERCEIRO.-** Facer públicos os resultados finais mediante a súa publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e na web municipal, segundo o establecido na base onceava.

Contra o acordo do Tribunal sobre as alegacións e publicación de notas, os interesados poderán interpoñer recurso de alzada ante a Alcaldía do Concello de Ames de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas a partir do día seguinte ao da publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello.

Ames, 19 de xullo de 2022

A presidenta do Tribunal

Rosa Ana Prada Queipo